

ORDENANZA FISCAL NÚM. 120

TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMIDA NO FOGAR

ARTIGO 1º. CONCEPTO

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as taxas pola prestación do servizo de comida no fogar na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de comida no fogar.

ARTIGO 3º. OBRIGA DE PAGAMENTO DO SERVIZO

Estarán obrigados ó pagamento os usuarios do servizo municipal de comida no fogar na contía que resulte de aplicación segundo a presente taxa, tendo en conta que o pagamento é unha contribución ó custo do servizo recibido e ós ingresos do usuario; a concesión do servizo prodúcese en aplicación do baremo de acceso establecido na ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

ARTIGO 4º. COTA

1. A contía do taxa estará determinada pola:

a) Duración do servizo concertado.

b) Capacidade económica das persoas usuarias do servizo:

A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de comida no fogar calcularase en atención a súa renda. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes: cónxuxe ou parella de feito, e os ascendentes ou fillos /as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade que dependesen economicamente do solicitante.

A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario e os rendementos das actividades económicas.

No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria.

Para o cómputo da renda terase en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

c) A cota mensual que haberá que pagar será a resultante de multiplicar o número de comidas servidas pola taxa que corresponda, segundo a seguinte escala:

Ingresos iguais ou inferiores ó IPREM (Indicador público de renda de efectos múltiples)	EXENTOS
Ingresos superiores ó 100% e ata o 110% do IPREM	1,00 €/comida
Ingresos superiores ó 110% e ata o 130% do IPREM	2,00 €/comida
Ingresos superiores ó 130% e ata o 150% do IPREM	3,00 €/comida
Ingresos superiores ó 150% e ata o 200% do IPREM	4,00 €/comida
Ingresos superiores ó 200% e ata o 250% do IPREM	5,00 €/comida

Ingresos superiores ó 250% do IPREM	6,00 €/comida.
-------------------------------------	----------------

ARTIGO 5º. PROCEDEMENTO DE PAGAMENTO

O pagamento do servizo efectuarase mensualmente, segundo se establece no prego de prescricións técnicas regulador da xestión do servizo público de axuda no fogar, visto que a empresa adxudicataria asumirá a xestión do cobro da taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 26 de decembro de 2007 e do 28 de decembro de 2009, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2010. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009